



CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO 2026

INTERPRETACIÓN – CLARINETE E SAXOFÓN

PARTE A

Criterio de avaliación 1 (50% da cualificación final):

Interpretar o programa presentado amosando o necesario control técnico do instrumento (aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba).

Indicadores de logro:

- Fidelidade ao texto musical atendendo á dificultade do repertorio presentado: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agóxicas, articulación, ornamentación e planos sonoros.
- Dominio do instrumento atendendo á dificultade do repertorio presentado: calidade tímbrica e proxección do son, dominio da afinación, dominio das técnicas propias da música de vangarda (de ser o caso) e control postural, da respiración e da emisión.

Criterio de avaliación 2 (25% da cualificación final):

Amosar na interpretación do programa presentado unha coherencia interpretativa acorde coa forma e a estética de cada obra (aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba).

Indicador de logro:

- Fidelidade ao estilo segundo a tradición interpretativa: control da ornamentación, do rubato, das agóxicas e dinámicas, do fraseo e da articulación.

Criterio de avaliación 3 (25% da cualificación final):

Demostrar capacidade expresiva e control escénico na interpretación do programa presentado (aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba).

Indicadores de logro:

- Adecuación do xesto á interpretación musical, posta en escena axeitada en relación ao contexto artístico e estético da obra, coñecemento e respecto das convencións e tradicións da interpretación en público.
- Concentración ao longo da proba, xestión da ansiedade escénica e control da memoria (de ser o caso). Achega persoal na proposta interpretativa.

PARTE B

Criterio de avaliación:

Analizar a obra ou fragmento musical proposto.

Indicador de logro:

- Recoñecemento das características do xénero e do estilo musical, identificación da estrutura formal, análise dos diferentes parámetros (harmonías, ritmos, melodías, texturas, timbres e dinámicas) presentes no texto musical proposto polo tribunal.

PARTE C

Criterio de avaliación:

Interpretar o fragmento proposto polo tribunal amosando fidelidade ao texto e comprensión musical.

Indicador de logro:

- Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e estilo.
- Comprensión musical: continuidade do discurso interpretativo e fraseo adecuado ao texto musical proposto.